RESOLUCIÓN do 10 de xullo, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 28 de febreiro de 2020, código de procedemento ED010B,(DOG nº 46, do 9 de marzo)

Mediante Resolución do 19 de xuño de 2026 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse e se fixo pública a relación provisional de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 28 de febreiro de 2020, código de procedemento ED010B,(DOG nº 46, do 9 de marzo), para o curso académico 2026/27.

Logo de rematado o prazo para formular alegacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas procede aprobar, a proposta da comisión de valoración, a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no citado procedemento e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, consonte co disposto no artigo 13 da Orde do 28 de febreiro de 2020, polo que esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde de 29 de xullo de 2022 (DOG nº151, do 9 de agosto),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer público no Anexo I desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas do corpo de mestres.

Segundo. Aprobar e facer público no Anexo II desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas dos corpos de secundaria.

Terceiro. Aprobar e facer público no Anexo III desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas do persoal laboral docente de relixión.

Cuarto. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición, obrigatoriamente por medios electrónicos mediante o trámite activado no procedemento ED010B, no prazo dun (1) mes ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web esta consellería, de conformidade cos artigos 8.2, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YEzbw6rmHFr8 https://sede.xunta.gal/cve

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 10/07/2026 13:41:05

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: YEzbw6rmHFr8 https://sede.xunta.gal/cve